

Do Revisionismo Televisivo

12:40 14/05/2009

O de chifrar, francamente, non sei eu se o faría. Co corazón, seguro. Porque a monarquía en 2009 é un ente repulsivo do cal non se desprende nada bo, e porque, segundo eu o entendo, España asoballa, maltrata, menospreza e mexa por riba do meu país, que até onde eu sei tampouco non lle fixo tanto mal para recibir tal reprimenda secular.

Pero hai maneiras e maneiras e por moitas voltas que lle dea, que llas dou, non acabo de ter a certeza de que asubiar nun partido de fútbol sexa a mellor maneira de se facer ouvir noutros ámbitos, quizabes por iso mesmo, porque outros ámbitos son outros ámbitos. Atopo argumentos a favor do asubío, certo, como tamén algún en contra. Por outra banda, posto que son de natureza pausada, tanta romaría xunta igual me viña grande. Non o sei. Se cadra, chegado o momento, se por un casual me atopase no estadio, coa miña bufanda do Barça, embulleirándome no ambiente ese de festa e de final, se cadra, digo, tolearía e comezaría a berrar coma un tolo até deixar a voz así que El-Rei principiase co ritual, abaneando a súa vella manciña engurrada e nacarada, repartindo venias aquí e acolá; ou pode que me dese por gardar a xenreira, as formas coma quen di, dicirme, por exemplo: acouga, non lle botes máis sal á caldeirada, pasa, home, pasa olímpicamente, que as maneiras son outras. En fin, o que eu faría, honestamente, non o sei.

Non obstante, o que nin se me pasa pola cabeza é tratar de decidir polos demais. Todo o máis, nun momento salomónico, entraría a discutir a utilidade ou non do asubío, coa esperanza remota de convencer ao meu ouvinte; en calquera caso, nadiña de tentar decidir por non sei cantos miles de persoas. Até aí podíamos chegar! Así as cousas, seica estou nas antípodas da Televisión española e dunha boa mancha de radios, porque arramplar coas imaxes, meter planos curtos, conectar con non sei quen en Bilbao, reducir o son ambiente e obviar o que sucedía, iso é decidir polos demais. Con todo, perante tal inmundicia, prefiro optar pola vía do talante, botar man da comprensión, obvialo incluso, facerme o parvo, o que non se dá de conta e vive na ignominia cultural, nas tebras dunha ignorancia que imbra. Quero facer o esforzo de me colocar a rentes do verdugo, de solidarizarme con el, entrar na súa mente, onde quizabes se suceden frases coma estas: «Ai, si, eh, separatistas. Ides ver o que é bo. Cúspesme nun ollo, eu bórrote do mapa. O meu himno, ese nin tocalo; o meu referente da transición modélica, modélico tamén. Un respecto. Ai, a envexa, que mala é. Cando aprenderedes, periféricos, panda de periféricos, burricáns, teimudos, antipatriotas. Ale, quedades sen tele. E pobre do que se laie. Dádevos por avisados, e que non o teña que repetir...». O verdugo, evidentemente, está a outra cousa. O que pasa é que despois de tantos anos escoitándolle a parolada... colléselle cariño. Até parecen grises as súas roupas, que en rigor son negras coma o remorso.

O intolerábel, o que non admite discusión, o que non se debe aceptar de ningunha das maneiras, perante o que non hai máis remedio que arrebolarse estrepitosamente o puño contra a mesa, veu despois, cando se quixo reinventar a realidade, oficializar unha mentira pezoñenta, cando se actuou con premeditación para redefinir o acontecido, adaptándoo ao gusto do grupo de poder do momento. Céntrome agora en Televisión española, é dicir, en todos e cada un dos responsábeis da Televisión española, porque

emitir en diferido o himno español, co son ambiente reducido a un fondo abisal e con imaxes escolmadas e groseiramente manipuladas de seareiros bilbaínos botando a man ao corazón e cos seareiros cataláns tranquiliños, véndoas vir, iso si que é propio dun réxime da peor ralea, é un acto repugnante e sen xustificación que desvirtúa a realidade, que preocupa e que non debería quedar así*. Así como verbo das bondades do asubío non teño as cousas claras, das maldades do revisionismo, si. É lamentábel. No entanto, sabendo como as gasta o verdugo e como se expresa boa parte da súa audiencia, malo será que non lle medre o club de fans.

*Tan só unhas horas despois de redactar esta artigo, leo que a dirección de TVE destitúe a Julián Reyes, o director de Deportes. Aínda que non deixa de ser unha cabeza de turco, menos dá unha pedra.